

**SALVADO E O INDÍXENA
AUSTRALIANO: DA MESMA
RAZA HUMANA. IGUALDADE
E DIGNIDADE ANTE LITTERAM**

Giulio Cipollone

Pontificia Università Gregoriana (Italia)



INTRODUCCIÓN

A razón de ser deste simposio vén dada polo segundo centenario do nacemento de Rosendo Salvado, extraordinario fillo de Galicia, monxe beneditino, misioneiro nos antípodas, bispo. Son varios e todos importantes os aspectos dos que se podería falar sobre Salvado: etnólogo e antropólogo, misioneiro e bispo; a súa persoa e a súa personalidade; as súas ideas e as súas obras en varias nacións de Europa e en Australia; a súa relación cos «grandes» da terra e cos máis humildes da sociedade.

Como se anuncia no tema da miña contribución, queremos deternos no estudo da súa relación de estima «absoluta» polo aborixe australiano, que consideraba da soa ou única raza humana e dotado de dignidade coma todos os outros seres humanos, debido á igualdade entre estes.

As partes da exposición están limitadas a estes aspectos: o século XIX e o «evanxeo da diferenza»; os aborixes australianos observan os «aborixes brancos»; os brancos colonizadores e misioneiros. Sobre todo «brancos». Salvado: branco e «aborixe»: *no mirror image*. Outra percepción: «unha soa raza humana». Outra relación: camiñar e vivir xuntos. E, finalmente, unha consideración conclusiva sobre a igualdade e a dignidade *ante litteram* e *ultra litteram* de Salvado.

A intención do estudo é a de mostrar a Salvado desde un ángulo particular e en certo modo orixinal: o gran servizo ofrecido á humanidade como tenaz impulsor da igualdade e da dignidade entre os humanos, anticipándose, máis dun século, ás sucesivas cartas, declaracións, preámbulos de tratados sobre os dereitos humanos, nun momento en que había unha tendencia xeral a subliñar as diferenzas entre as «razas humanas» ata o punto de establecer un innegociable e inmutable nivel de valores.

1. O SÉCULO XIX E O «EVANXEO DAS DIFERENZAS»

Pasados algúns anos da chegada de Salvado a Australia e mentres declaraba abertamente a súa estima polos aborixes, de igual dignidade e igualdade respecto aos outros humanos, Salvado demostraba que estes eran hábiles coma os ingleses e máis ca eles. Gobineau, pola súa banda, no ano 1854, publicaba, por conta propia, unha obra en catro volumes titulada *De l'inégalité des races humaines*.

Segundo Finot, foi o conde Gobineau quen estableceu as primeiras bases das implacables doutrinas da desigualdade entre os humanos. «A súa obra constitúe un himno entusiasta a prol das razas denominadas superiores e unha condena desapiadada das chamadas inferiores. Contén un verdadeiro arsenal de argumentos utilizados por todos os campións da persecución, da opresión e do exterminio dos pobos e razas máis débiles.» Na quinta parte do seu volume Finot pregúntase: «Hai pobos condenados a ficar eternamente inferiores con relación ou fronte a outros?», pregunta feita varios decenios antes de diversos holocaustos inflixidos no nome da presunción de que uns humanos están sobre outros humanos. Na conclusión do seu volume, Finot escribe: «As razas existen, xa que logo, como unha ficción do noso cerebro; existen en nós, mais non fóra de nós. Non se insistirá nunca o suficiente sobre este feito elemental e innegable para todas as mentes verdadeiramente científicas e de boa fe».

Hai unha estreita conexión entre o interese antropolóxico e o *visioning* en movemento respecto á historia e ás historias do século XIX, de xeito particular no encontro co «outro exótico».

Os comentarios de Darwin contribuíron involuntariamente á formación de ideas negativas verbo dos aborixes australianos. O científico xulgábaos «simples» nas súas estratexias de supervivencia, alén das armas con que cazaban, en particular polo modo en que usaban o búmerang. Isto, porén, segundo o seu parecer, non significaba que evolucionasen mentalmente. Nin o evolucionismo nin o anterior fixismo axudaron os aborixes a inserirse nunha comunidade evolucionada e inmersa no progreso, considerada superior, como a dos brancos. Por unha banda, os aborixes eran vistos como criaturas cuxa raza non fora capaz de evolucionar no tempo; por outra, como criaturas finitas que non puideran nunca mudar nin, por conseguinte, progresar.

Durante os primeiros contactos cos europeos existían en Australia máis de 300 000 indíxenas que falaban máis de cincocentas linguas diferentes. No entanto, seguindo a F. Myers, malia algunhas diferenzas culturais significativas entre os varios grupos, podíanse observar algúns trazos comúns na diversa sociedade australiana.

Os eidos de reflexión antropolóxica relativa aos aborixes atinxen a organización social, a relixión, o parentesco, a diferenciación dos sexos e a historia.

Canto á historia, a atención concedida á situación dos aborixes estivo sempre presente na investigación antropolóxica, mais esta preocupación manifestouse en xeral independentemente da investigación de obxectivos científicos. A investigación antropolóxica, que se desenvolveu nun contexto de mutación, quer que tivese como espazo as instalacións autóctonas, quer que tivese como espazo as misións, por esta razón teimou, cada vez máis, en distinguir os aspectos tradicionais dos modernos das tribos australianas. Recentemente os estudos sobre os aborixes entraron nunha fase caracterizada por unha maior participación. Agora xa se toman en consideración as instrucións da historia na vida dos aborixes e se fai un esforzo por consideralos cada vez menos dependentes dun «outro exótico» e máis poboacións nas cales o investigador recoñece a pegada dunha humanidade compartida. Préstase unha maior atención á situación global dos aborixes inmersos nun mundo dominado polos «brancos». E un traballo etnográfico recente amosa tamén como a esencia da cultura aborixe pode ser observada en situacións de mudanza. No diálogo entre as historiografías e a etnohistoria, ademais, colócanse de pleno dereito a historia das relixións e, dun xeito aínda máis íntimo, como varios autores sosteñen, a historia da relación do home co «transcendente». É precisamente con esta sa e actual sensibilidade como nos movemos neste apartado da exposición, tomando en consideración esta «humanidade compartida» que Salvado, adiantándose cento cincuenta anos, intuía como a vía mellor que se pode seguir para un se achegar á cultura aborixe. Todo isto en virtude dos principios da cultura evanxélica do cristianismo, nos que el cría firmemente, e da súa racionalidade e tenacidade persoais.

2. OS ABORIXES AUSTRALIANOS OBSERVAN OS «ABORIXES BRANCOS»

Seguindo a T. Flannery, parece que a actitude dos aborixes no primeiro encontro cos non-aborixes (aborixes descoñecidos) tivese tres características: disposición de seren inermes, sen intencións de defensa e en actitude de colaboración manifestada na aceptación dos regalos.

Temos algunhas referencias autorizadas dos primeiros exploradores, como a de sir Thomas Mitchell, na súa obra *Three Expeditions into the Interior of Eastern Australia*, citada por Salvado nas *Memorias históricas*, referente aos aborixes antes da colonización e da chegada de Salvado a aquel continente, que tivo lugar no ano 1845. Mitchell escribe:

A experiencia ponme no caso de poder falar dos australianos nos termos máis favorables; o seu degradado estado no medio da poboación branca non dá a xusta idea dos seus méritos [...]. [O]s que atopamos no medio das selvas eran homes de belo aspecto, que vivían contentos e felices dentro do recinto dos seus bosques [...]. [O] primeiro deles que veu ao noso encontro era un fermoso modelo de home, moi alto e de natureza independente. Os seus modais eran severos, o seu ollar agudo e penetrante [...]. O meu guía era de baixa estatura e de constitución pouco robusta, mais era un home cheo de determinación e valentía, a súa perspicacia e sentido común facíanmo tan necesario que estaba sempre ao meu carón a pé ou dacabalo. Coñecía o carácter de todos os europeos do meu séquito. Nada escapaba á súa penetrante mirada.

Os aborixes habitaban, coñecían e veneraban aqueles lugares desde sempre, os mesmos lugares que os colonos consideraban un inferno. Desde o primeiro momento, despois do desembarco, moitos de entre os deportados da primeira colonia penal inglesa buscaran a liberdade nos bosques, onde comezaron a vivir cos aborixes. A cor branca da súa pel e os cabelos «descoloridos» crearan certo temor entre os nativos, mais logo estes decatáronse de que aqueles «brancos» non eran os espíritos dos mortos, senón só homes, incapaces mesmo de procuraren auga e alimento para si mesmos. Acolleron, por conseguinte, aqueles fuxitivos como irmáns que axudar, e eles, en realidade, o único que querían era isto: garantir a propia supervivencia. Pero, en cambio, os nativos conse-

guiron desarraigamento, corrupción, doenzas e morte. En definitiva, o obxectivo, máis ou menos disimulado, era o da extirpación. Pronto ás vexacións dos fuxitivos deportados se engadiron as dos colonos, cuxas accións eran legalmente aprobadas polos gobernos. Na súa terra definida como *nullius*, para xustificar a ocupación dos territorios, os aborixes eran cidadáns ingleses mais non tiñan poder no interior do sistema colonial: eran tomados por «salvaxes».

Ao principio os aborixes non loitaron coas armas porque tiñan unha confianza fonda nos valores da súa sociedade. Consideraron os «brancos» irmáns que poderían someter á norma moral e social, ás obrigas da sociedade tradicional. Sucesivamente déronse de conta de que a confrontación aberta, que quererían ter posto en práctica, era unha utopía e que non quedaban máis que dous camiños que percorrer: a loita contra os europeos, que nalgúns lugares tivo lugar despois de certo período de interacción, ou ben assimilar en parte aquilo que a cultura dos *white fella* [brancos descendentes dos europeos] ofrecía.

3. OS BRANCOS COLONIZADORES E MISIONEIROS. SOBRE TODO «BRANCOS»

En realidade, os aborixes atopáronse con tres categorías de europeos: galeotes, cidadáns e misioneiros. O Goberno era responsable das políticas de asistencia aos nativos e de protección destes, mais ao mesmo tempo debía atender, do mellor modo posible, a seguridade e a iniciativa emprendedora dos colonos, que, xuntamente coa policía local, tiñan plenos poderes sobre os aborixes en calidade de protectores.

No momento da súa chegada a Australia había varias misións protestantes. Salvado cita dúas: a de Moreton Bay, ao norte de Sydney, aberta en 1838 por doce misioneiros, a meirande parte deles casados, aínda que a Biblia só se lles aprendía aos fillos dos misioneiros, que en total eran vinte e dous, mentres que os «salvaxes» non eran tidos en conta. O outro asentamento protestante tivo lugar en 1844 en Noongir Creek, mais os «salvaxes» terminaron por incendiar aquela misión. Estes comportamentos de civilización, segundo Salvado, eran impropios porque os consideraba similares aos sistemas adoptados polos colonos, que implicaban, a maioría das veces, unha verdadeira e propia explotación

para cos aborixes. Por exemplo, alentábanos a traballar nas súas granxas, mais logo non lles concedían as ferramentas agrícolas, nin o diñeiro para poderen adquirilas e traballar por conta propia. Moitos colonos utilizaban os aborixes para diferentes servizos co fin de os civilizaren. Mais os ditos servizos non eran recompensados en moeda, polo cal os nativos, nestes casos, regresaban de bo grado aos bosques, onde no seo da familia gozaban dunha subsistencia maior con relación á recibida na casa do patrón.

Alimentos insólitos como azucre, fariña, té ou tabaco exercían unha forte atracción sobre os nativos. Estaba tamén o consumo de alcohol, que producía vítimas entre colonos e australianos e representaba unha das principais preocupacións de Salvado:

O vezo da embriaguez, aquela maldición importada da nai patria, produce naquela colonia a miseria e a ruína a non poucas familias. Xa sexa o que se denomina *rum* (ron) ou outras bebidas espirituosas semellantes, que son levados e vendidos naqueles bosques, non é posible aceptalos. Non hai dúbida de que pólvora de escopeta, pementos pequenos, follas de tabaco, azucre moreno e tamén unha porción de arsénico son en gran parte as compoñentes dalgúns daqueles licores, un vaso pequeno dos cales é máis que suficiente non só para emborrachar, senón tamén para enfermar calquera europeo, e moito máis un indíxena.

O Goberno inglés de por si exercía presión sobre os gobernadores das colonias a fin de que os aborixes fosen tratados o máis humanamente posible. Pero, de feito, xa que eran considerados incapaces de progresar e se cría, de maneira xeral, que aquela raza se extinguiría ao cabo de poucos anos, as doutrinas cristiás resultaban ineficaces e as vantaxes da civilización non transferibles. Todas as misións se debatían nestas dificultades; todas, menos unha: a de Nova Nursia (ou Norcia).

O ano 1845, como se le nas *Memorias históricas* de Salvado, o secretario das colonias, lord Stanley, nomeou unha comisión de investigación para verificar o estado de vida dos aborixes nas colonias australianas. A encomenda de investigación dada ao gobernador de Sydney, sir George Gipps, tiña a finalidade de mellorar as condicións de vida dos indíxenas.

¡Miseros australianos! Perseguidos pola poboación branca e privados de poder andar errantes con toda liberdade ao longo das súas selvas nativas, vense actualmente obrigados a gorecerse entre as espesas matogueiras e as máis inaccesibles barrancas, que lles ofrecen, si, un abeiro temporal, mais raras veces a subsistencia, posto que os kangarús e os demais animais que eran o seu ordinario alimento ou desapareceron de alí ou foi destruída a súa raza. E, con todo, ¿que compensación recibiron dos que ocuparon as súas terras? Polo xeral, son considerados como bestas incapaces de toda educación así relixiosa coma civil, e, a medida que os europeos van internándose no seu país, diminúe aquela raza desgraciada, ata que remate por ser aniquilada e desaparecer para sempre¹.

Se as leis coloniais non favorecían o ingreso na sociedade civil, os «bempensados», como Salvado os define, dirixíndose xeralmente a persoas de entre as máis representativas da cultura cristiano-protestante, puñan obstáculos moralmente aberrantes, como o de o acusaren de practicar a escravitude en Nova Nursia. Para se defender da acusación, de todo inventada e tendenciosa, Salvado dirixiuse ao gobernador pedíndolle que enviase o avogado ou o procurador da raíña (que eles representaban na colonia) para examinar el mesmo aquelas mozas. No caso de seren remisos a ir a Nova Nursia, o mesmo Salvado as devolvería ao seu país. No caso contrario, tiñan liberdade de continuar a viaxe por Nova Nursia, como de feito fixeron.

Salvado era consciente do difícil que resultaba a obra misioneira en prol dos nativos naqueles bosques de Australia xa que, superada a fase de nomadismo, o cal favorecía a permanencia nun lugar idóneo para a agricultura, persistía o problema de quen, fisicamente, provería ao mantemento dos misioneiros e dos aborixes que estaban relacionados coa misión. Salvado anota que os aborixes, en realidade, foron totalmente abandonados e esquecidos, agás na misión de Nova Nursia.

Outras misións, en xeral, non trazaran plans eficaces para o benestar dos aborixes:

¹ Rosendo Salvado (2014): *Memorias históricas sobre a Australia e particularmente sobre a Misión Beneditina de Nova Nursia e os usos e costumes dos australianos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Parlamento de Galicia / Consello da Cultura Galega, 119-120. [N. da T.]

Mentres que estaban de acordo sobre o feito de que os aborixes tiñan alma e eran capaces de redención, moitos deles relegábanos ao nivel máis baixo da humanidade e coidaban que non poderían aguantar o impacto coa civilización. Por isto non era posible outra cousa que protexelos manténdooos segregados nas misións e favorecer o afastamento dos mozos da súa familia para seren «cristianizados e civilizados».

A diferenza radical que existía entre Salvado e os outros misioneiros, protestantes e católicos, é que o noso monxe misioneiro tiña a clara conciencia de estar en Australia sobre todo polos aborixes: os aborixes ocupaban o primeiro posto nas súas preocupacións misioneras. Polos aborixes, estimados e amados, estivo disposto a dar a vida. E deuna.

4. SALVADO: BRANCO E «ABORIXE»

No folio 329 volto do libro de bautizos número 17 da parroquia do Sagrario de Tui (Pontevedra) lese:

No día dous do mes de marzo, ano mil oitocentos catorce, eu, D. Juan Francisco Piñeiro, cura-párroco desta santa Igrexa catedral da cidade de Tui, nela solemnemente bautice un neno que naceu o día antecedente, a quen lle puxen por nome Lucas Josef Rosendo, fillo lexítimo de D. Pedro Salvado e de María Francisca Rotea [en presenza dos avós paternos e maternos e dos padriños, D. Lucas Portela e D.^a Josefa Figueiroa, advertidos con dilixencia] [...]. E para que así conste, expido, asino e selo este documento en Tui, o quince de novembro de mil novecentos corenta e tres.

Era o sexto de sete irmáns, tres dos cales foron sacerdotes: entre estes, Santos, que foi misioneiro con el en Australia mentres a saúde llo permitiu; monseñor Rudesindo Salvado era da casa de Roma, en San Paulo Extramuros, onde morreu o 29 de decembro de 1900.

A biografía de Salvado é notable. Podemos facer notar que estaba dotado de excelentes calidades naturais, viaxou amplamente por Europa, participou en varios eidos culturais pola súa formación; gozou da cidadanía da súa patria canda a de Inglaterra e cun salvoconduto de rango relacionado co seu papel de misio-

neiro e bispo en Australia. Sobre todo hai que resaltar a súa gran sensibilidade humana e a súa extraordinaria capacidade mental, que *ante litteram*, moito antes que moitas cartas, constitucións e preámbulos a tratados varios, preanunciara a mesma dignidade para todos os humanos, xunto coa súa absoluta igualdade.

Nas primeiras páxinas da súa *Relazione* infórmanos de que, á súa chegada a Australia, non sabía nada verbo dos aborixes; mais non perde o ánimo e actúa o mellor que pode. E non tendo coñecemento ningún sobre os aborixes, «dado que sobre este tema había moitas diverxencias entre os habitantes da colonia», quere inmediatamente facer unha idea persoal do asunto.

Desde a inicial percepción e impresión dos aborixes, pódese afirmar que Salvado se presenta a eles como «branco e aborixe».

Salvado tiña unha vontade forte ata o punto de utilizar construtivamente todas as actividades e enerxías do ser humano «ambicioso e temerario», como o define Santiago Rodríguez. Protagonista dunha empresa que se concretou nunha área moi limitada do amplo continente australiano, mais aínda hoxe en día coñecida en toda Australia, e, sobre todo, capaz de furtar a susceptibilidade e romper os esquemas nun país sometido á colonización da cultura anglosaxoa, moi diferente, en moitos aspectos, da cultura española que o formara. El desestabilizou, co seu ir contracorrente (e non o fai como estranxeiro, tendo adquirida a cidadanía inglesa), o pensamento dos colonos e procurou con todos os medios destruír aquelas barreiras insuperables que o Goberno construía, como está demostrado amplamente na súa *Relazione*.

A forte vocación de Salvado era a de civilizar, a de dar a capacidade de vivir como cidadáns nunha «polis» cristiá, e non colonizar os pagáns, cando para os colonos, que atribuían para si o monopolio da civilización, a maioría das veces os aborixes eran só unha presenza incómoda que se ía eliminando fisicamente.

Salvado non sabía nada sobre os aborixes nin a quen dirixirse para ter coñecemento da vida e costumes daqueles salvaxes. Chegado ás praias australianas o 8 de xaneiro de 1846, púxose en camiño a pé a Perth, que alcanzou o 16 de febreiro de 1846. E o primeiro de marzo fixo unha breve estadía nun lugar denominado polos salvaxes Nundagunda, aproximadamente a unhas cen millas de Perth. Salvado, xunto cos primeiros misioneiros, viuse obrigado a deterse, por falta de auga, no medio dun espeso bosque tan descoñecido como o eran os nómades e os antropófagos salvaxes que o habitaban, os cales, poucos meses

antes, mataran un europeo naquel lugar, e un deles, que despois foi o seu mellor e máis fiel compañeiro, naquela selva comera parte dunha irmá que outros salvaxes mataran, asada e convertida en comida común.

Para poder descubrir mellor os segredos das súas crenzas, usos e costumes, di Salvado:

[...] fíxenme eu tamén nómade e errante coma eles acompañándoos, acó e aló, por aqueles descoñecidos bosques, levando aquelas provisións de fariña, arroz, té e azucre que podía levar sobre as miñas costas. E, mentres as provisións duraron, os salvaxes levaron a meirande parte. Mais, unha vez acabadas, eles, como bos amigos, compartían comigo a mellor parte das serpes, lagartas, vermes, raíces e similares bos bocados que levaban consigo.

A «escola práctica» dos aborixes proporcionoulle algunhas ensinanzas a Salvado. Primeiro, que un misioneiro europeo non pode perdurar por moito tempo naquela vida nómade, xa que durmir ao sereno sobre o chan nu en todas as estacións do ano, nunca dúas veces seguidas no mesmo lugar, e non tendo outra cousa con que alimentarse que alimentos nauseabundos, non é en verdade salubre, nin axeitado para manter con vigor as necesarias forzas físicas. Segundo, dado que os salvaxes non permanecían establemente en lugar ningún, resulta imposible fornecerlle provisións ao misioneiro que os acompaña, e ademais as provisións suficientes para el durante un par de meses desaparecerían en dous días ou menos se sucedía que se atopaban con algún grupo numeroso de salvaxes. Terceiro, que, como os salvaxes non viaxan nunca en grandes grupos senón que cada familia o fai de xeito illado, e a miúdo individuos sos, se requiría un misioneiro por familia, algo que sería imposible. Cuarto, que o tempo preciso para a instrución relixiosa que se lles fose impartir a aqueles nómades salvaxes debería reducirse ás soas horas de descanso, durante as cales eles acostumaban repousar e preparar a comida. É por isto polo que, coa instrución impartida mentres aqueles salvaxes seguen tal vida nómade en contacto coas outras familias salvaxes, o froito desta formación será pouco ou nulo. Quinto, que a instrución relixiosa teoricamente impartida a aqueles bastos salvaxes, sen a poderosa eficacia do exemplo, é dicir, sen vela practicar, non poderá producir naqueles desgraciados, que non viron nunca unha práctica de culto relixioso, o

efecto desexado. A fe, xaora, comunícase non só a través da palabra, senón tamén coa vista.

5. *NO MIRROR IMAGE*. OUTRA PERCEPCIÓN: «UNHA SOA RAZA HUMANA»

Pode acontecer que se teña a imaxe sen ter o coñecemento. É un feito psicolóxico universal o de rexeitar aquilo que non forma parte do propio grupo e que pode virtualmente obstaculizar o equilibrio dese grupo. O proceso descrito como *mirror image* é importante para a análise das accións e as reaccións na hostilidade dos grupos. É doado, e por certo vantaxoso, desprestixiar o inimigo cos peores atributos tomados do imaxinario e das peores experiencias do propio grupo.

Para ter un coñecemento máis preciso sobre os nativos, sobre o seu carácter, comportamento, capacidade de aprendizaxe, etc., debemos referirnos ás *Memoorias históricas* de Salvado. Na terceira parte da obra, de 1851, Salvado dedica doce capítulos aos nativos. Expresa claramente a súa opinión sobre a raza australiana e a suposta época da súa orixe e presenza naquel continente; a seguir fala das características físicas, as facultades intelectuais e as crenzas relixiosas dos yuat noongar, xunto cos seus costumes e, así mesmo, da linguaxe, que Salvado atopa doce e musical pola súa sonoridade, parecida á lingua española e particularmente poética. O mesmo Salvado expresa outra opinión de grande aprecio: «Os australianos no seu estado natural, e non contaminados aínda nin irritados polos europeos, son hospitalarios e non carecen de sentimentos xenerosos e corteses»². Cita tamén as palabras dun maxistrado e explorador, sir Eyre, que na súa obra *Journals of Expeditions of Discovery into Central Australia* afirma:

O varón é robusto e musculoso, dunha altura que vai de cinco a seis pés, e coas extremidades ben proporcionadas, tanto as inferiores como as superiores. As partes anteriores do cerebro están ben desenvolvidas, de forma que o seu ángulo facial dista moito de ser dos máis agudos das razas negras [...]³.

² Ludwig Leichhardt, citado en íd., p. 318. [N. da T.]

³ Citado en íd., p. 319. [N. da T.]

Observando as súas facultades intelectuais, Salvado afirma que, se se cultivasen con dilixencia, darían bos froitos, quer no tocante ás artes, quer ás ciencias. En cada colonia, prosegue, os salvaxes aprenden a ler e a escribir e, tamén, algunhas operacións aritméticas con inesperada rapidez.

Será a convivencia entre eles o que faga madurar nel o plano material e espiritual de evanxelización dirixido ao desenvolvemento concreto e tanxible dunha comunidade que será social e economicamente evolucionada respecto ao xénero de vida ofrecido polas institucións gobernamentais e polas outras misións protestantes. Un proceso de encarnación tan complexo e completo que desemboca nos «ornamentos da sociedade civil»: o equipo de crícket, o coro e dúas bandas de música son indicadores de que a inicial fecundación cultural ocorrida en Nova Nursia era tan satisfactoria como para deixar espazo a manifestacións psicoloxicamente máis complexas e evolucionadas.

Salvado é un home tan sincero e inquedo como forte e voluntarioso, capaz no seu traballo, sempre orixinal. Nel, na súa decidida actitude, agochaba un ánimo xentil, disposto a animar, a alentar, a facer «frutificar» os talentos de cada un dos seus nativos. Ámaos ata tal punto que os ve mesmo agraciados, co loiro dos seus cabelos acochados baixo máscaras de barro e graxa, coa súa intelixencia, a súa aparencia xenuína. En fin, malia nel se manifestar a súa inclinación natural por presentar, do mellor xeito posible, estas criaturas de Deus, as relixións cósmicas eran consideradas empapadas de superstición e maxia; de aquí un traballo incesante, un coloquio continuo e directo, grazas a unha actitude de estima pola «natureza humana» en por si, á realización e ao perfeccionamento cara a unha forma de «civilización máis alta».

Atopámonos ante unha evidencia que sorprende por moitas razóns. A literatura do século XIX, como vimos anteriormente, baséase nunhas «categorías» fixas e inmóbiles, como a de concibir e dividir a humanidade en varias «razas», e a outra, a de dividir en «brancos e negros» os que habitan o continente australiano no século XIX. De aí a constatación, que produce sorpresa e admiración: Salvado non fala nunca de razas, senón dunha soa raza humana, e non escribe nunca sobre brancos e negros na súa *Relazione*, senón de salvaxes ou nativos ou australianos e europeos. E só unha vez menciona a «raza», mais referíndose aos cabalos.

6. OUTRA RELACIÓN: CAMIÑAR E VIVIR XUNTOS

O aborixe primeiro tiña que ver para despois preguntarse de onde podían chegar as referencias ideais «invisibles» para aquel tipo de comportamento. A «*polis* aborixe» empezaba a ter termos de comparación suxestivos e alternativos.

Para os aborixes, toda expresión vital do cotián estaba dotada dun equivalente espiritual, e tiñan un concepto de progreso que se podía acadar a través da instauración de antagonismos. En consecuencia, a transformación dos aspectos culturais era impensable. A súa filosofía de vida estaba, talvez, máis próxima por analogía á ecoantropoloxía, que estuda as relacións que se dan entre o home e o medio natural. Esta realidade, de orde ética, por outra banda xa foi exposta no libro da Xénese, no cal Deus crea o mundo e lle confía ao home a tarefa de levar á plena realización a obra da creación. O texto está cheo de poesía, de símbolos, de palabras evocativas, xuntamente cos mitos da creación dos aborixes.

Cando Salvado se refire aos aborixes, usa algúns adxectivos que varían no curso dos anos. É preciso lembrar que a palabra *salvaxe*, a diferenza da percepción que teñen os europeos, é utilizada por Salvado repetidamente na *Relazione*, mais non con significado despectivo. *Salvaxe* quere indicar simplemente ‘home da selva, do bosque’. Este termo enténdese como sinónimo doutras palabras «equivalentes»: nativos, indíxenas, australianos.

É innegable que a gran fe dos nativos na súa propia cultura empurrou a Salvado e os seus monxes cara a unha «aborixenización». Os aborixes, pola súa vez, crían tanto nos seus valores que pensaban en «civilizar os brancos»; polo menos para comparar os devanditos valores, reciprocamente «estranxeiros». Mais entre as dúas culturas, aínda que vivindo en pacífica comunión, non ten lugar aquela osmose desexada: «e daquela pregunteime a min mesmo que facer». Salvado demostra, cos feitos, que comprende ben esta situación.

Emancipación e liberación son procesos que se actualizaban nun contexto histórico en que o etnocentrismo era predominante, en que se declaraba a superioridade da raza branca, entendida esta como tentación de «supremacía racial» que a miúdo se atopa no ser humano. Para moitos a cristianización e a civilización aparecían non como unha virtude que expresar e practicar, senón como calidades indiscutibles que se posuían en canto que dereito de nacemento. A ecuación moral era simple e non admitía disputa: os iluminados ingleses leva-

ban a civilización aos «salvaxes subdesenvolvidos». Os «salvaxes», xaora, non tiñan nada que perder; ao contrario. Isto era o que se pensaba deles e os misio-neiros tiñan de indagar cales eran as capacidades ou a ignorancia daqueles «seres humanos degradados», entre os cales era preciso vivir, mentres que o seu exem-plo inspiraría os nativos a abandonar os seus hábitos fronte ás vantaxes dunha cultura «civilizada».

Existía a convicción de que a fe cristiá lograría o que ninguén podería facer: «Primeiro convertemos, logo seguirá a civilización». Só a voz da conciencia podería mudar a «ferocidade» dos aborixes, empapados de supersticións e de barbarie; comportábanse de tal xeito que recordaban o tempo en que os antepa-sados dos europeos, en estado de nudez, coma eles mesmos, danzaban nos místicos bosques e consultaban as vísceras dos humanos sacrificados. Se a cristian-dade noutros tempos xa dispersara as escuras nubes da ignorancia, por que temer que non se puidese repetir o «milagre» para estes novos fillos de Adán? Os abo-rixes australianos atopáronse no medio de xente cristiá insensible e «civilizada», mais que posuía e explotaba a súa terra, destruía as reservas naturais de alimentos e traía os vezos do alcoholismo e da prostitución. Os nativos, sometidos á bru-talidade da colonización, descenderan a un nivel máis baixo ca o que foi o nivel da súa condición de aborixes.

Mais «en virtude de que principios morais, relixiosos ou sociais unha raza forte, co obxectivo de elevar o seu propio nivel, debía condenar unha raza feble e desarmada á morte por extinción? Non era un xeito de levar vida e prosperi-dade para todos?». Só unha sociedade cristiá iluminada podería ofrecerlles a oportunidade da salvación espiritual e material.

CONCLUSIÓN. **ANTE LITTERAM E ULTRA LITTERAM**. IGUALDADE E DIGNIDADE

Ante litteram

Houbo importantes escritores do século XIX, e tamén do seguinte, que teimaban en non querer ver nos aborixes outra cousa que «aborixes» e non se rendían á evidencia da súa humanidade. Atopámonos ante unha evidencia que sorprende por máis dunha razón. A literatura do século XIX descansa sobre categorías fixas

e inmóviles como a de concibir e dividir a humanidade en varias «razas» e tamén a de dividir en «brancos e negros» cantos habitaban no continente australiano no século XIX. De aí a constatación, que parece unha marabilla: Salvado non fala nunca de razas, senón dunha soa raza humana, e non escribe nunca sobre brancos e negros na súa *Relazione*, mais si de salvaxes ou nativos ou australianos e europeos. E só unha vez, como dixemos, menciona a «raza», mais referíndose aos cabalos.

Pois ben, no proceso da súa produción documental e literaria, Salvado ensancha o horizonte coa asunción dos aborixes ao plano de «igual dignidade» ca quen non é aborixe. Máis aínda, esfórzase por producir abundante documentación e literatura para contrarrestar as opinións de suficiencia, de pouca estima ou mesmo de non recoñecemento da súa natureza humana.

Para algúns estudiosos ou simplemente exploradores ou colonizadores, os aborixes non eran humanos ou era moi dubidoso que o fosen. En calquera caso, non eran «europeos» e nunca chegarían a selo. Ante esta crenza «feroz», Salvado dedicará toda a vida a rebater as ditas teses e prexuízos.

Tivemos a oportunidade de observar que Salvado se sente entregado totalmente á causa dos aborixes australianos, ata dar a vida. E, por certo, daraa. Se a beleza está nos ollos de quen mira, daquela todo está claro. Salvado consideraba os aborixes irmáns porque, en canto que eran realmente da súa mesma raza, os cría hábiles e capacitados coma os europeos e mesmo máis. Deféndeos fronte a aqueles que os desprezan e que obstaculizan o progreso da súa civilización. Ata a misión se convertera, paradoxalmente, en lugar de refuxio en prol dos desprotexidos e «incapaces aborixes negros», vítimas dos abusos e as violencias dos colonos brancos «civilizados».

Salvado, por temperamento persoal, pola súa profunda fe en Cristo e no seu evanxeo, modelado pola regra de Bieito de Nursia, quixo ser aborixe cos aborixes. No primeiro contacto con eles, aos que nunca lles chama «negros», Salvado expresa a súa «predisposición» e o seu «prexuízo», de forma amplamente favorable e con grande admiración, polos habitantes indíxenas das terras australianas. Sexa como for, Salvado quere estar en Australia polos aborixes. O demais interésalle moito menos, á custa de non ser ben visto e en certo modo ser considerado «renegado» polos europeos, que non o recoñecían como «un dos nosos». En realidade, Australia é «visitada» por diferentes categorías de non-aborixes (ou

«outros aborixes»), os europeos: galeotes, colonizadores desexosos de poder e de ouro, exploradores fascinados e curiosos por atopar un paraíso exótico onde admirar de maneira circunspecta plantas, animais, natureza en xeral e aborixes.

No entanto, Salvado actúa con «outras» clarísimas intencións: anunciar a Boa Nova co propósito de propor outro xeito de organizar o poboado e as súas leis de grupo. Faino con total respecto, como vimos. Tórnase aborixe cos aborixes, nómade cos nómades. Este é o único camiño para non asustar o aborixe, para facerse aceptar e, só entón, empezar a comunicar con acenos a outra forma de civilización que sostíña a vida do misioneiro. Trátase da discreción dunha delicada aculturación: camiñar xuntos, para vivir xuntos, para presentar «outro modelo de sociabilidade».

Salvado consegue aproveitar calquera ocasión para subliñar canto os europeos en Australia están viciados e son de viciosos, ata o punto de querer protexer por todos os medios os aborixes do contacto-contaxio dos europeos.

Estas reflexións, aos douscentos anos do nacemento de Salvado, poderán axudar a ler os escritos deste xenial fillo de Galicia como os dun pioneiro de ideas, que chegaron a ser os principios que inspiraron cartas, constitucións e preámbulos de varios tratados, escritos centenaes de anos despois de el expoñer as súas conviccións acompañadas de profundos xestos que o honran e honran a terra que o viu nacer.

Ultra litteram

Os catro signos dos tempos contemporáneos, é dicir, a socialización, a emancipación das clases traballadoras, o acceso da muller á vida pública, a liberdade dos oprimidos, foron, moito antes, amplamente interpretados e practicados polo monxe beneditino. Trátase, en poucas palabras, dunha acción misioneira entendida como evanxelización para unha consecuente promoción humana. É doado recoñecer na súa *Relazione* a realización destes puntos importantísimos. Diferentes contextos con respostas diversas. Pensemos na capacidade de eles aprenderen o xogo do crícket, ata superaren os europeos na habilidade do xogo e vencérenos nalgunhas competicións: «Eu dei grazas a Deus de corazón por concederlles aquel magnífico resultado, que, ao mesmo tempo, foi a máis espléndida resposta ás acusacións malignas dos seus detractores».

EVANXELIZACIÓN COMO PROMOCIÓN DOS DEREITOS DOS «HUMANOS»

Malia no século XIX non se falar aínda de dereitos humanos segundo as actuais interpretacións, como, máis adiante, a Declaración Universal dos Dereitos do Home de 1948, Salvado puxo particular atención a fin de que fose sempre tutelada e respectada a dignidade da persoa. Infelizmente, o problema dos «dereitos negativos» subsistía, tamén no ámbito das institucións relixiosas. As outras misións, tanto católicas como protestantes, tendo de se concentrar xeralmente máis na asistencia espiritual dos colonos, prestaban escasa atención á misión situada entre os aborixes, facían caso omiso das súas tradicións culturais, facían caso omiso do respecto debido ás súas esixencias vitais. En Nova Nursia, o respecto ás persoas, á súa necesidade, á tutela das leis aborixes e coloniais constituía un mundo particular, nunha comunidade que ía a contracorrente respecto á visión cultural da época e na que se vivían perspectivas e valores da vida que lembraban as primitivas comunidades cristiás, que respondían ás esixencias do espírito comunitario e de xustiza.

A superación da antropofaxia, a supresión da vinganza e do estreito círculo tribal e o acceso ás ciencias, ao canto e á música, xunto coa superación de prácticas ancestrais supersticiosas, que dalgún xeito pechaban o horizonte cultural á entrada de novos datos; a condición da muller, o fatalismo da realidade favorable ou nefasta, que establecía e fixaba comportamentos e relacións entre os aborixes; o chegar a comprender que o amuleto non servía en realidade alén do feito emotivo e eufórico do clan, etcétera, manifestan os avances cara a unha mellor sociedade que Salvado deixou entre os aborixes considerados «coma» os europeos brancos, da mesma dignidade e igualdade e da única raza humana.

Hoxe, douscentos anos despois do nacemento deste xenial fillo de Galicia e pioneiro dos dereitos humanos, atopamos a súa mensaxe e a súa obra aínda como un actualísimo exemplo que seguir. Namentres, limitándonos só a Occidente, temos rexistradas numerosas cartas, constitucións, declaracións e preámbulos a tratados varios que chaman ao dereito-deber da práctica da igualdade entre os humanos no respecto da súa dignidade «non negociable». Non obstante, as infraccións, leis e comportamentos contra os dereitos humanos por parte dos mesmos humanos están á vista de todos en canto que habituais contraven-

cións. Ora ben, parece que son dous os momentos fortes ou cruciais deste camiño da humanidade: a percepción do outro e o posible espazo para a inclusión ou para a marxinação. Trátase de procesos delicados e de pasos incertos alí onde se observe con canto esforzo o xénero humano deu entendido que existe unha soa raza humana e que a tenaz conservación das estacadas marxinantes pola cor da pel son fenómenos de certo «inhumanos», porque non favorecen o ben da humanidade enteira.

Hoxe o mundo móvese na percepción da existencia dunha soa raza humana e, quizais, expresa esta percepción na saudable tensión de ser ou (e) chegar a ser unha soa familia humana. Os conceptos de civilización e cultura conxúganse con civilizacións, multiculturalidade, visión planetaria do mundo e dos humanos; de aí o compromiso, como manifestou Salvado, dunha visión inclusiva de todos os humanos, alén da propia etnia, da cor da pel, da relixión, da identidade comunitaria ou de grupo. O banco de probas dos dereitos e deberes humanos observados e practicados por Salvado *ante litteram* é o feito de eles continuaren a ser un edificio en obras e como *pierres d'attente* ou, en galego, dentellóns, como ideal e compromiso *ultra litteram*, alén das convencións, constitucións e declaracións.

Neste inmenso edificio de obras, que segue aberto, pola igualdade e a dignidade dos humanos e entre os humanos, máis que preguntarse que está a suceder, hai que preguntarse que «podemos facer», como advertía Denis de Rougemont. E o que se pode facer é moito. *Ultra litteram*.

Exemplaridade coma a de Salvado soa como certeza de éxito e compromiso. Hai que crelo.